



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

# Programación

## Oficial da materia de

### Canto

## Curso 2024-25



## Índice

---

|                                                                             |    |
|-----------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. Introducción .....                                                       | 3  |
| 2. Metodoloxía.....                                                         | 4  |
| 3. Atención á diversidade .....                                             | 6  |
| 1) Alumnos con necesidades educativas especiais .....                       | 6  |
| 2) Alumnos con alta capacidade intelectual .....                            | 6  |
| 3) Alumnos de incorporación tardía ó Sistema Educativo .....                | 6  |
| 4. Temas transversais .....                                                 | 7  |
| 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....                | 9  |
| 6. Secuenciación do curso .....                                             | 10 |
| 6.1 Curso: 1º .....                                                         | 10 |
| 6.2 Curso: 2º .....                                                         | 18 |
| 6.3 Curso: 3º .....                                                         | 25 |
| 6.4 Curso: 4º .....                                                         | 31 |
| 6.5 Curso: 5º .....                                                         | 38 |
| 6.6 Curso: 6º .....                                                         | 45 |
| 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica ..... | 52 |
| 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento .....   | 53 |

|                        |    |
|------------------------|----|
| ANEXOS .....           | 55 |
| PROBAS DE ACCESO ..... | 55 |
| ANEXO II.....          | 62 |
| RÚBRICA.....           | 62 |

## 1. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. En consonancia, o Real

decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior Decreto 203/2007, do 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

## **2. Metodoloxía**

### **2.1 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS XERAIS**

A metodoloxía que se vai a aplicar na aula desenvolverase de acordo aos seguintes principios xerais:

O aprendizaxe funcional (partindo do nivel real de coñecementos do alumnado).

A ensinanza dinamizadora (tentando de provocar o estímulo e o interese no alumnado polo seu propio progreso, favorecendo a súa autonomía e capacidade de superación).

A adaptación á diversidade do alumnado (con metodoloxías e actividades diferenciadas, adaptándose ás características particulares de cada discente).

A interdisciplinariedade (aplicando o principio de “globalización”, relacionando contidos propios do Canto con outras materias do Currículum, baseado nun traballo en coordinación con todo o equipo docente).

A avaliación continua e constante, de xeito personalizado de cada un dos elementos que interveñen na ensinanza (avaliación da Programación Didáctica, de cada discente, da practica docente, e do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe).

### 3. Atención á diversidade

O feito de que as clases sexan individuais fai que se poida atender de forma personalizada a cada alumno/a tendo en conta as súas circunstancias.

Distinguiremos diferentes necesidades específicas atendendo cando menos dun xeito moi xeral a tres categorías ou grupos:

#### 1) Alumnos con necesidades educativas especiais

Incluirase aquí ao alumnado con discapacidades (visuais, auditivas ou calquera outra limitación física) e/ou problemas de conduta graves.

#### 2) Alumnos con alta capacidade intelectual

Alumnado que precise ampliación de coñecementos respecto dos contemplados para o seu nivel.

#### 3) Alumnos de incorporación tardía ó Sistema Educativo

Alumnado con incorporación tardía, en cursos intermedios, e/ou que proceden doutro ámbito educativo.

En todos estes casos aplicaranse os seguintes principios xerais atendendo a cada necesidade:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha ampla gama de actividades didácticas que respondan aos diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Proposta de actividades de traballo diferenciadas. A profesora fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con diferente nivel

de dificultade que permitan tratar estes mesmos contados con exixencias distintas.

- Organización do traballo de forma flexible e con ritmos diferenciados de aprendizaxe.
- Variación do ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno/a individualmente.
- Adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos, que deberá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

## 4. Temas transversais

### 4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente actitudinais, e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual.

O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara á dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula.

Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou

educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

## 4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que en principio poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais YouTube, Vimeo, Spotify, etc.

Estas plataformas unidas á posta en común masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (vídeo-cámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar as propias actuacións ou interpretacións, e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción que de si mesmo ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso na aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos para compartir material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade



especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

### **5.1 Audicións:**

Levarase a cabo unha audición por trimestre, preferiblemente na semana anterior á que estea prevista para os exames, co fin de non interferir cos horarios das outras materias grupais.

Participarase nas semanas musicais organizadas polo centro. Como pode ser, por exemplo, na Semana das Letras Galegas, ou nos concertos en Conmemoración do Día da Muller.

Organizarase a posta en escena de fragmentos ou obras de ópera e/ou zarzuela cara a final do curso; se é posible, coa colaboración doutras materias e/ou departamentos, como pode ser Coro, Música de cámara e Piano.

### **5.2 Sistema de ensaios cos pianistas acompañantes:**

No caso da materia de Canto, aínda que non estea prevista a dedicación completa do pianista acompañante para o departamento, procurarase que

esteas dispoñibles para ensaio, xunto coa profesora e o alumno/a durante a segunda metade da clase como mínimo unha media hora semanal.

### 5.3 Actividades extra escolares:

Ao longo do curso farase o posible por realizar algún intercambio con outro centro.

Igualmente, farase o posible para realizar algún curso de materias relacionadas coa especialidade de Canto (técnica vocal, escena, idiomas, etc.).

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.

Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltarán ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## 6. Secuenciación do curso

### 6.1 Curso: 1º

#### □ 6.1.1. Obxectivos

- Adecuar as posturas corporais e a xestualidade ás esixencias da produción e emisión correcta dos sons cantados.

- Coñecer a anatomía e fisioloxía da respiración.
- Aprender e aplicar a técnica respiratoria ao canto. Coñecer a anatomía e fisioloxía da produción da voz.
- Iniciarse no coñecemento e autocontrol da propia voz, ata acadar unha perfecta afinación.
- Interpretar o repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respetando as características propias dos diferentes períodos musicais.

## □ 6.1.2 Contidos

### **A) CONTIDOS TÉCNICOS**

- Postura corporal para o canto.
- Anatomía e fisioloxía da respiración.
- A relaxación.
- Anatomía e fisioloxía da produción da voz.
- Control e autorregulación da afinación.
- Vocalizacións en rexistro medio, grados conxuntos..

### **B) REPERTORIO**

- Canción de concerto española e/ou latinoamericana: 2 pezas.
- Arias antigas italianas: 4 pezas.

### **C) TRABALLOS TEÓRICOS**

RESPIRACIÓN: anatomía e fisioloxía. Mecanismos de respiración no canto.

### 6.1.3 Avaliación

#### □ **Criterios de avaliación**

Avaliarase o grao de consecución dos contidos técnicos, teóricos e de repertorio correspondentes ao curso:

- Manter unha boa postura ó cantar.
- Adquirir os hábitos respiratorios axeitados.
- Manter unha emisión controlada evitando erros de afinación.
- Adquirir os coñecementos básicos de anatomía e fisioloxía correspondentes ó curso.
- A interpretación do repertorio correspondente ó curso.

Valorarase positivamente a entrega dun traballo teórico ben argumentado, con citación de fontes empregadas, e sen faltas de ortografía.

#### □ **Mínimos esixibles**

##### **1º TRIMESTRE:**

Postura corporal e xestualidade Anatomía e fisioloxía da respiración.

Aprendizaxe dos mecanismos idóneos aplicados ao canto.

##### **2º TRIMESTRE:**

Coñecemento da anatomía e fisioloxía da produción do son.

Obtención do control suficiente do aire segundo os mecanismos aprendidos no primeiro trimestre.

Traballo vocal e escénico.

Páxina **12** de 66

Superación da metade do repertorio do curso.

### **3º TRIMESTRE:**

Asunción dunha forma bucal idónea para a correcta emisión do son segundo os coñecementos obtidos no segundo trimestre.

Ampliación do control do fiato. Traballo vocal e escénico.

Superación da totalidade do repertorio do curso.

Entrega do traballo teórico correspondente ao curso.

#### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Dita avaliación inicial, que será recollida no caderno do profesor, e será realizada durante a primeira clase do curso, farase en torno aos seguintes items: Afinación, Relaxación e postura, Actitude e interese fronte a materia

- A avaliación continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado, tanto coa profesora de canto como co profesor pianista acompañante. Asemade, empregarase a rúbrica adxunta no anexo II para concretar o grao de consecución dos obxectivos de cada curso. Serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en audicións e concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.

- Avaliación final, na que se incluírán as dúas anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e dedicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

## □ **Criterios de cualificación**

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- Técnica respiratoria e control do son: “fiato”, beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, etc.
- Musicalidade e Interpretación: reguladores e matices dinámicos, agónica, medida, expresión, dicción, fraseo, superación das dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude fronte a materia: interese na materia, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, implicación, etc.), e participación nas actividades do departamento (audicións, concertos, etc.).
- Calidade do traballo teórico, e implicación no mesmo.

Para a cualificación final levaráanse a cabo os seguintes porcentaxes:

1. Probas de aula, mediante rexistros ao longo do trimestre: 80%
2. Audición final de trimestre: 20%

Realizaráse mediante a rúbrica anexa, que contén as valoracións do seguinte xeito:

- A) Valoración dos contidos específicos técnicos, interpretativos e de repertorio do curso: (80%).**
- a. Adecuación postural, relajación, respiración, emisión e afinación: 30%
  - b. Repertorio: 20%

**c. Articulación, fraseo, agónica, dinámica, dicción, etc: 30%**

**B) Actitude e interese (20%):**

**d. Valoración da participación na aula e nas actividades do departamento: audicións, concertos, traballo teórico, etc. (10%).**

**e. Interese fronte a asignatura. (5%).**

**f. Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas polo centro. Deben ser solicitadas polo alumno/a na Secretaría do Centro e avaladas polo seu profesor antes do 30 de novembro, seguindo o procedemento establecido a tal fin.

### **Medidas de recuperación**

#### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O alumnado que non aprobe un trimestre deberá realizar un exame consistente nunha audición na que interpretará o repertorio reflectido para o trimestre correspondente nos contidos, demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Para dito exame, o pianista acompañante deberá dispoñer das partituras do repertorio a interpretar polo alumno con un mes de antelación, ademais de programarse 3 ensaios como mínimo.

As obras deberan ser interpretadas no idioma orixinal e de memoria.

Asemade, poderase recuperar un trimestre no caso de superar os contidos do trimestre inmediatamente posterior, e coa interpretación correcta do repertorio de dito trimestre non acadado, ademais do presente.

Aquel alumnado que non superara o terceiro trimestre, terá a posibilidade de realizar a proba extraordinaria.

### **Convocatoria extraordinaria**

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, será citado á Convocatoria Extraordinaria, na franxa de datas que o centro establezca a tal fin. A proba consistirá nunha audición na que deberá interpretar a totalidade do repertorio cumprindo os obxectivos previstos para o curso correspondente, ademais da presentación do traballo teórico previsto para dito curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

### **6.1.4 Recursos didácticos**

Libros de texto ou métodos:

A modo orientativo, neste primeiro curso empregaranse as diversas edicións de selección de arias antigas e cancións españolas e/ou latinoamericanas. Tamén traballarase con métodos segundo as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o método de canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.

A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello- xunto coa percepción corporal propia (kinestesia). Esta observación do funcionamento do propio corpo virá reforzada con estudos de



textos de anatomía e fisioloxía vocal que preferentemente existan na biblioteca do centro ou ben noutras bibliotecas de uso público.

Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a gravación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación, e realizaranse traballos na biblioteca, onde se poderán visualizar vídeos, escoitar CDs e/ou ler libros relacionados coa estética, historia e fisioloxía do canto, de maneira que o alumno poida contemplar os contidos conceptuais, ademais de fomentar e desenvolver actitudes de investigación e estudo.

## 6.2 Curso: 2º

### 6.2.1 Obxectivos

- Demostrar un control e coñecemento suficiente da técnica respiratoria do canto.
- Adquirir un progresivo control do aire e do apoio da voz, a través da respiración costo-diafragmático-abdominal, dun xeito consciente.
- Coñecer a anatomía e fisioloxía do aparato resoador. Coñecer os principios do emprego dos resoadores.
- Interpretar o repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respectando as características propias dos diferentes períodos musicais.

### 6.2.2 Contidos

#### A) CONTIDOS TÉCNICOS

- Técnica respiratoria do canto: apoio e control da columna do aire.
- Anatomía e fisioloxía dos resoadores da voz, e a súa utilización no canto.
- Vocalizacións con intervalos, e con aumento progresivo da extensión da voz.
- Iniciación ao recitativo: articulación, acentos, fluidez, ritmo...

## **B) REPERTORIO**

- Canción de concerto española e/ou latinoamericana: 2 pezas en calquera das linguas do estado, unha delas obrigadamente en galego.
- Canción de concerto extranxeira : 2 pezas.
- Arias antigas Italianas: 2 pezas.
- Oratorio, cantata, etc.: 1 aria ou dúo.

## **C) TRABALLOS TEÓRICOS**

RESONANCIA: anatomía e fisioloxía. Proxeción da voz. Hixiene da voz.

### **6.2.3 Avaliación**

#### **Criterios de avaliación**

Avaliaranse o grao de consecución dos contidos técnicos, teóricos e de repertorio correspondentes ó curso:

- Manter unha boa postura ó cantar.
- Adquirir os hábitos respiratorios axeitados.
- Manter unha emisión controlada buscando unha boa impostación e evitando erros de afinación.
- Adquirir os coñecementos básicos de anatomía e fisioloxía correspondentes ó curso.
- A interpretación do repertorio correspondente ó curso.

Valorarase positivamente a entrega dun traballo teórico ben argumentado, con citación de fontes empregadas, e sen faltas de ortografía.

#### **Mínimos esixibles**

### **1º TRIMESTRE:**



- Control e coñecemento da postura e da respiración do canto.
- Coñecemento das emisións que conducen a un son óptimo.
- Superación de 1/3 do repertorio correspondente o curso.
- Traballo vocal e escénico.

## 2º TRIMESTRE

- Coñecemento da anatomía e fisioloxía do aparato resoador.  
Superación de 2/3 do repertorio correspondente ó curso.
- Traballo vocal e escénico.

## 3º TRIMESTRE:

- Coñecemento dos principios do emprego dos resoadores.
- Superación do total do repertorio correspondente ó curso.
- Traballo vocal e escénico de conxunto.

### □ **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Dita avaliación inicial, que será recollida no caderno do profesor, e será realizada durante a primeira clase do curso, farase en torno aos seguintes items: Afinación, Relaxación e postura, Actitude e interese fronte a materia

- A avaliación continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no caderno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a



interacción co profesorado implicado, tanto coa profesora de canto como co profesor pianista acompañante. Asemade, empregarase a rúbrica adxunta no anexo II para concretar o grao de consecución dos obxectivos de cada curso. Serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en audicións e concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.

- do alumno e o emprego da rúbrica adxunta no anexo II. Tamén serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en audicións e concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.
- Avaliación final, na que se incluírán as dúas anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

#### □ **Criterios de cualificación**

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- Técnica respiratoria e control do sonido: “fiato”, beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, etc.
- Musicalidade e interpretación: reguladores e matices dinámicos, agógica, medida, expresión, dicción, fraseo, superación das dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, implicación, etc.), e participación nas actividades do departamento (audicións, concertos, etc.).
- Calidade do traballo teórico, e implicación no mesmo.

Para a cualificación final levaráanse a cabo os seguintes porcentaxes:

1. Probas de aula, mediante rexistros ao longo do trimestre: 80%

2. Audición final de trimestre: 20%

Realizaráse mediante a rúbrica anexa, que contén as valoracións do seguinte xeito:

**B) Valoración dos contidos específicos técnicos, interpretativos e de repertorio do curso: (80%).**

- a. Adecuación postural, relajación, respiración, emisión e afinación: 30%
- b. Repertorio: 20%
- c. Articulación, fraseo, agógica, dinámica, dicción, etc: 30%

**B) Actitude e interese (20%):**

- d. Valoración da participación na aula e nas actividades do departamento: audicións, concertos, traballo teórico, etc. (10%).
- e. Interese fronte a asignatura. (5%).
- f. Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).

**criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas polo centro. Deben ser solicitadas polo alumno/a na Secretaría do Centro e avaladas polo seu profesor antes do 30 de novembro, seguindo o procedemento establecido a tal fin.

## □ **Medidas de recuperación**

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O examen dos alumnos que non aprobaron un trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflexado para o trimestre correspondente nos contidos. (1/3 do repertorio do curso en cada caso) demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Para dito exame, o pianista acompañante deberá dispoñer das partituras do repertorio a interpretar polo alumno con un mes de antelación, ademais de programarse 3 ensaios como mínimo.

As obras deberanse interpretar no idioma orixinal e de memoria, agás o oratorio.

Asemade, poderase recuperar un trimestre no caso de superar os contidos do trimestre inmediatamente posterior, e coa interpretación correcta do repertorio de dito trimestre non acadado, ademais do presente.

No caso daqueles alumnos que non superaran o terceiro trimestre, terán a posibilidade de realizar a proba extraordinaria de recuperación.

### **Probas extraordinarias**

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, será citado á Convocatoria Extraordinaria, na franxa de datas que o centro establezca a tal fin. A proba consistirá nunha audición na que deberá interpretar a totalidade do repertorio cumprindo os obxectivos previstos para o curso correspondente, ademais da presentación do traballo teórico previsto para dito curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

### **6.2.5 Recursos didácticos**

Libros de texto ou métodos:

A modo orientativo, neste segundo curso empregaranse as diversas edicións de selección de arias, Lied alemán e Canción española e latinoamericana; así coma as edicións de óperas e cancións completas. Tamén traballarase con métodos según as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o método de canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.

A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello- xunto coa percepción corporal propia (kinestesia). Esta observación do funcionamento do propio corpo virá reforzada con estudos de textos de anatomía e fisioloxía vocal que preferentemente existan na biblioteca do centro ou ben noutras bibliotecas de uso público.

Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a grabación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación, e realizaranse traballos na biblioteca, onde se poderán visualizar vídeos, escoitar CDs e ler libros relacionados coa estética, historia e fisioloxía do canto, de maneira que o alumno poida contemplar os contidos conceptuais, ademáis de fomentar e desenvolver actitudes de investigación e estudo.



## 6.3 Curso: 3º

### 6.3.1 Obxectivos

- Demostrar un control suficiente do aire da emisión e da resoancia.
- Aplicar o control do aire e do apoio ó fraseo.
- Aplicar a correcta emisión ó fraseo expresivo.
- Mellorar e ampliar o control do fiato.
- Acadar unha idónea impostación vocal.
- Interpretar o repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respetando as características propias dos diferentes períodos musicais.

### 6.3.2 Contidos

#### A) CONTIDOS TÉCNICOS

- A cobertura da voz: exercicios para acadar unha idónea impostación vocal.
- Apoio da voz no canto.
- A línea vocal. O legato
- O fiato. Desenvolvemento e aumento progresivo do mesmo.
- Vocalizacións con saltos interválicos e arpexios.
- O recitativo: articulación, acentos, fluidez, ritmo...

#### B) REPERTORIO

- Canción de concerto española e/ou latinoamericana: 3 pezas en calquera das linguas do Estado, unha delas obrigadamente en galego.
- Lied: 2 pezas.
- Ópera extranxeira: 2 arias ou dúos, podendo extraerse das

grandes obras do Barroco.

- Zarzuela: 1 romanza ou dúo.
- Oratorio, cantata, etc.: 1 aria ou dúo.

### **C) TRABALLOS TEÓRICOS**

FONACIÓN: anatomía e fisioloxía. A Larinx. Produción do son.

#### **6.3.3 Avaliación**

##### **Criterios de avaliación**

Avaliaranse o grao de consecución dos contidos técnicos, teóricos e de repertorio correspondentes ó curso:

- Manter unha boa postura ó cantar.
- Adquirir os hábitos respiratorios axeitados.
- Manter unha emisión controlada evitando erros de afinación.
- Adquirir os coñecementos teóricos correspondentes ó curso.
- A interpretación do repertorio correspondente ó curso.

Valorarase positivamente a entrega dun traballo teórico ben argumentado, con citación de fontes empregadas, e sen faltas de ortografía.

##### **Mínimos esixibles**

#### **1º TRIMESTRE:**

- Control do aire, da emisión e da resoancia. Aplicación do control do aire e do apoio ó fraseo.
- Superación de 1/3 do repertorio correspondente o curso.  
Traballo vocal e escénico.

## 2º TRIMESTRE:

- Aplicación da correcta emisión ó fraseo expresivo. Ataque do son.
- Superación de 2/3 do repertorio corerpondente ó curso. Traballo vocal e escénico.

## 3º TRIMESTRE:

- Dicción intelixible e correcta emisión das vogais e consoantes nos idiomas correspondentes.
- Idónea impostación vocal
- Superación do total do repertorio correspondente ó curso. Traballo vocal e escénico.

### □ **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Unha avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Dita avaliación inicial, que será recollida no caderno do profesor, e será realizada durante a primeira clase do curso, farase en torno aos seguintes items: Afinación, Relaxación e postura, Actitude e interese fronte a materia

- A avaliación continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no caderno do alumno caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado, tanto coa profesora de canto como co profesor pianista acompañante. Asemade, empregarase a rúbrica adxunta no anexo II para concretar o

grao de consecución dos obxectivos de cada curso. Serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en audicións e concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.

- Avaliación final, na que se incluírán as dúas anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

#### □ **Criterios de cualificación**

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- Técnica respiratoria e control do sonido: “fiato”, beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, etc.
- Musicalidade e Interpretación: reguladores e matices dinámicos, agógica, medida, expresión, dicción, fraseo, superación das dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, implicación, etc.), e participación nas actividades do departamento (audicións, concertos, etc.).
- Calidade do traballo teórico, e implicación no mesmo.

Para a cualificación final levaráanse a cabo os seguintes porcentaxes:

1. Probas de aula, mediante rexistros ao longo do trimestre: 80%
2. Audición final de trimestre: 20%

Realizaráse mediante a rúbrica anexa, que contén as valoracións do seguinte xeito:

**A) Valoración dos contidos específicos técnicos, interpretativos e de repertorio do curso: (80%).**

- g. Adecuación postural, relajación, respiración, emisión e afinación: 30%**
- h. Repertorio: 20%**
- i. Articulación, fraseo, agógica, dinámica, dicción, etc: 30%**

**B) Actitude e interese (20%):**

- j. Valoración da participación na aula e nas actividades do departamento: audicións, concertos, traballo teórico, etc. (10%).**
- k. Interese fronte a asignatura. (5%).**
- l. Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).**

#### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas polo centro. Deben ser solicitadas polo alumno/a na Secretaría do Centro e avaladas polo seu profesor antes do 30 de novembro, seguindo o procedemento establecido a tal fin.

#### **Medidas de recuperación**

##### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O examen dos alumnos que non aprobaron un trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio

reflexado para o trimestre correspondente nos contidos. (1/3 do repertorio do curso en cada caso) demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Para dito exame, o pianista acompañante deberá dispoñer das partituras do repertorio a interpretar polo alumno con un mes de antelación, ademais de programarse 3 ensaios como mínimo.

Asemade, poderase recuperar un trimestre no caso de superar os contidos do trimestre inmediatamente posterior, e coa interpretación correcta do repertorio de dito trimestre non acadado, ademais do presente.

As obras deberanse interpretar no idioma orixinal e de memoria, agás o oratorio.

### **Convocatoria extraordinaria**

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, será citado á Convocatoria Extraordinaria, na franxa de datas que o centro establezca a tal fin. A proba consistirá nunha audición na que deberá interpretar a totalidade do repertorio cumprindo os obxectivos previstos para o curso correspondente, ademais da presentación do traballo teórico previsto para dito curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

### **6.3.4 Recursos didácticos**

Libros de texto ou métodos:

A modo orientativo, neste terceiro curso empregaranse as diversas edicións de selección de Arias, Lieders, Romanzas e Cancións así coma as edicións de óperas, zarzuelas, oratorios e cancións completas. Tamén traballarase con

Páxina **30** de 66

métodos según as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o método de canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.

A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello- xunto coa percepción corporal propia (kinestesia). Esta observación do funcionamento do propio corpo virá reforzada con estudos de textos de anatomía e fisioloxía vocal que preferentemente existan na biblioteca do centro ou ben noutras bibliotecas de uso público.

Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a grabación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación, e realizaranse traballos na biblioteca, onde se poderán visualizar vídeos, escoitar CDs e ler libros relacionados coa estética, historia e fisioloxía do canto, de maneira que o alumno poida contemplar os contidos conceptuais, ademáis de fomentar e desenvolver actitudes de investigación e estudo.

## 6.4 Curso: 4º

### 6.4.1 Obxectivos

- Demostrar un control suficiente do aire e da emisión aplicada o fraseo.
- Desenrolar unha correcta impostación baseada no apoio axeitado do aire.
- Aplicar os coñecementos acadados sobre a emisión e impostación á interpretación do repertorio.
- Acadar unha voz uniforme e homoxenea de textura e cor. Empregar a fonética axeitada ó idioma das obras traballadas. Traballar a flexibilidade da voz a través da axilidade.

## 6.4.2 Contidos

### A) CONTIDOS TÉCNICOS

- Aumento progresivo do control da voz: Legato, impostación, claridade na emisión, proxección da liña vocal e timbre uniforme en todo o rexistro.
- Aumento progresivo da tesitura vocal cara os seus extremos.
- A dinámica no canto: gradacións e reguladores.
- Vocalizacións con axilidades, apoiaturas, grupetos, picados.
- Práctica do Recitativo: articulación, acentos, fluidez, ritmo,...

### B) REPERTORIO

- Canción de concerto española e/ou latinoamericana: 3 obras en calquera das linguas do Estado, unha delas obrigadamente en galego.
- Lied: 3 pezas.
- Ópera: 3 pezas: arias (polo menos 1 delas), dúos, ou outro número de conxunto. dúos, ou outro número de conxunto.
- 1 Romanza de zarzuela.
- Oratorio, cantata, etc.: 1 peza : arias, dúos, números de conxunto, etc.

### C) TRABALLOS TEÓRICOS

CLASIFICACIÓN DAS VOCES: Voces masculinas/ Voces femininas.  
Grupos e subgrupos de clasificación.



### 6.4.3 Avaliación

#### □ **Criterios de avaliación**

Avaliaranse o grao de consecución dos contidos técnicos, teóricos e de repertorio correspondentes ó curso:

- Manter unha boa postura ó cantar.
- Adquirir os hábitos respiratorios axeitados.
- Manter unha emisión controlada evitando erros de afinación.
- Adquirir os coñecementos teóricos correspondentes ó curso.
- A interpretación do repertorio correspondente ó curso.

Valorarase positivamente a entrega dun traballo teórico ben argumentado, con citación de fontes empregadas, e sen faltas de ortografía.

#### □ **Mínimos esixibles**

##### **1º TRIMESTRE:**

- Control suficiente do aire e a emisión aplicada ó fraseo. Correcta impostación baseada nun apoio axeitado do aire.
- Aplicación dos coñecementos acadados sobre emisión e impostación á interpretación.
- Superación de 1/3 do repertorio correspondente o curso.  
Traballo vocal e escénico.

##### **2ºTRIMESTRE:**

- Extensión e homoxeneidade de textura e cor da voz en tódala súa extensión.
- Superación de 2/3 do repertorio corerspondente ó curso.
- Traballo vocal e escénico.

### **3º TRIMESTRE:**

- Interpretación do repertorio incluíndo pezas de memoria.
- Emprego da fonética axeitada ó idioma no que estean as obras traballadas.
- Flexibilidade da voz a través de axilidades.
- Superación do total do repertorio correspondente ó curso.  
Traballo vocal e escénico.

#### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

- Unha avaliación Inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Dita avaliación inicial, que será recollida no caderno do profesor, e será realizada durante a primeira clase do curso, farase en torno aos seguintes ítems: Afinación, Relaxación e postura, Actitude e interese fronte a materia

- A avaliación continua, que realizará o profesor mediante anotacións e observacións no caderno do alumno, que reflexen o aproveitamento do traballado na clase, mediante as actividades que se fagan na mesma, así como a interacción co profesorado implicado, tanto coa profesora de canto como co profesor pianista acompañante. Asemade, empregárase a rúbrica adxunta no anexo II para concretar o grao de consecución dos obxectivos de cada curso. Serán avaliadas as actuacións individuais e colectivas en audicións e concertos públicos, con respecto aos contidos desta materia.

- Avaliación final, na que se incluírán as dúas anteriores, e medirá o nivel de consecución dos obxectivos do curso, o nivel de progreso e adicación do alumno e o nivel dos resultados obtidos.

## □ **Criterios de cualificación**

Cualificarase en base aos seguintes parámetros, de 1 a 10:

- Técnica respiratoria e control do sonido: *fiato*, beleza vocálica, alcance o presenza do mesmo, timbre uniforme, afinación, etc.
- Musicalidade e Interpretación: reguladores e matices dinámicos, agógica, medida, expresión, dicción, fraseo, superación das dificultades técnicas segundo cada nivel, etc.
- Repertorio: cantidade e calidade do mesmo.
- Actitude fronte a materia: interese na asignatura, actitude fronte ao aprendizaxe, (nivel de atención, concentración e colaboración na clase, grao de interese, implicación, etc.), e participación nas actividades do departamento (audicións, concertos, etc.).
- Calidade do traballo teórico, e implicación no mesmo.

Para a cualificación final levaráanse a cabo os seguintes porcentaxes:

1. Probas de aula, mediante rexistros ao longo do trimestre: 80%
2. Audición final de trimestre: 20%

Realizaráse mediante a rúbrica anexa, que contén as valoracións do seguinte xeito:

**A) Valoración dos contidos específicos técnicos, interpretativos e de repertorio do curso: (80%).**

**a. Adecuación postural, relajación, respiración, emisión e afinación: 30%**

**b. Repertorio: 20%**

**c. Articulación, fraseo, agógica, dinámica, dicción, etc: 30%**

**B) Actitude e interese (20%):**

**d. Valoración da participación na aula e nas actividades do departamento: audicións, concertos, traballo teórico, etc. (10%).**

**e. Interese fronte a asignatura. (5%).**

**f. Actitude respecto ao apredizaxe. (5%).**

**criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

O alumno que teña demostrado un nivel suficiente coma para superar os contidos e obxectivos do curso actual en decembro, e demostre ter sobradas posibilidades de superar os contidos e obxectivos previstos para o curso seguinte poderá ampliar matrícula segundo as normas previstas polo centro. Deben ser solicitadas polo alumno/a na Secretaría do Centro e avaladas polo seu profesor antes do 30 de novembro, seguindo o procedo establecido a tal fin.

**Medidas de recuperación**

**Procedementos de recuperación ordinarios**

O examen dos alumnos que non aprobaron un trimestre terán que realizar un exame consistente nunha audición na que interpretarán o repertorio reflexado para o trimestre correspondente nos contidos. (1/3 do repertorio do curso en cada caso) demostrando o dominio dos obxectivos previstos para o trimestre ou trimestres correspondentes.

Para dito exame, o pianista acompañante deberá dispoñer das partituras do repertorio a interpretar polo alumno con un mes de antelación, ademais de programarse 3 ensaios como mínimo.

Asemade, poderase recuperar un trimestre no caso de superar os contidos do trimestre inmediatamente posterior, e coa interpretación correcta do repertorio de dito trimestre non acadado, ademais do presente.

As obras deberanse interpretar no idioma orixinal e de memoria, agás o oratorio.

### **Convocatoria extraordinaria**

Para o alumnado que non superase o curso na convocatoria ordinaria, será citado á Convocatoria Extraordinaria, na franxa de datas que o centro establezca a tal fin. A proba consistirá nunha audición na que deberá interpretar a totalidade do repertorio cumprindo os obxectivos previstos para o curso correspondente, ademais da presentación do traballo teórico previsto para dito curso.

Os criterios de avaliación serán os mesmos que correspondan ó curso académico do que se examine.

### **6.4.4 Recursos didácticos**

Libros de texto ou métodos:

A modo orientativo, empregaranse as diversas edicións de selección de arias, romanzas e cancións así coma as edicións de óperas, zarzuelas, oratorios e cancións completas. Tamén traballarase con métodos según as necesidades técnicas concretas de cada alumno, como por exemplo o método de canto Vaccaj (soprano/tenor - mezzosoprano/barítono) ou o Concone entre outros.

A observación do control corporal se fomentará desde a auto-observación por medio dun espello- xunto coa percepción corporal propia (kinestesia). Esta observación do funcionamento do propio corpo virá reforzada con estudos de textos de anatomía e fisioloxía vocal que preferentemente existan na biblioteca do centro ou ben noutras bibliotecas de uso público.

Un dos fins ao que se orienta o sistema educativo é o da adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos. En base a este desenvolvemento o alumno será motivado a utilizar a grabación da súa voz como medio para analizar a súa correcta fonación, e realizaranse traballos na biblioteca, onde se poderán visualizar vídeos, escoitar CDs e ler libros relacionados coa estética, historia e fisioloxía do canto, de maneira que o alumno poida contemplar os contidos conceptuais, ademáis de fomentar e desenvolver actitudes de investigación e estudo.

## **6.5 Curso: 5º**

### **6.5.1 Obxectivos**

- Demostrar o control do apoio e unha emisión e impostación homogénea aplicada ó fraseo e a interpretación.
- Vocalizar con flexibilidade sobre escalas, arpexios e coloraturas. Dominar as cualidades expresivas da voz na interpretación do repertorio. Dominar a flexibilidade da voz en tódala súa extensión.
- Acadar unha voz homogénea de textura e cor, expresivamente manejable.
- Interpretar de memoria (excepto Oratorio) o repertorio sinalado para o curso coa maior corrección vocal e estilística, respetando as características propias dos diferentes períodos musicais.

## 6.5.2 Contidos

### CONTIDOS TÉCNICOS

- O sonido vocal. Perfeccionamento en canto ao timbre e color: Impostación idónea, cobertura, vibrato.
- A intensidade e gradación da voz, a través dos reguladores, filados e matices diámicos.
- A velocidade na voz: escalas, volatas e outras coloraturas.
- Práctica do Recitativo: Articulación, acentos, fluidez, ritmo, ...

#### A) REPERTORIO

- Canción de concerto española e/ou latinoamericana: 3 obras en calquera das linguas do Estado, unha delas obrigadamente en galego.
- Lied e canción de concerto extranxeira: 3 obras (das que 1 deben ser Lied alemán).
- Ópera: 2 arias, dúos ou nº de conxunto.
- Zarzuela: 2 romanzas, dúos ou nº de conxunto.
- Cantata, oratorio, etc.: 2 arias, ou nº de conxunto

#### B) TRABALLOS TEÓRICOS.

Importancia das vogais e das consoantes na emisión vocal. Clasificación das consoantes.

## 6.5.3 Avaliación

### □ Criterios de avaliación

- Avaliaranse o grao de consecución dos contidos técnicos, teóricos e de repertorio correspondentes ó curso:
- Manter unha boa postura ó cantar.



- Adquirir os hábitos respiratorios axeitados.
- Manter unha emisión controlada evitando erros de afinación.
- Adquirir os coñecementos básicos de anatomía e fisioloxía correspondentes ó curso.
- A interpretación do repertorio correspondente ó curso.

Valorarase positivamente a entrega dun traballo teórico ben argumentado, con citación de fontes empregadas, e sen faltas de ortografía.

## □ Mínimos esixibles

### 1º TRIMESTRE:

- Control do apoio e unha emisión e impostación homogénea aplicada ó fraseo e a interpretación.
- Flexibilidade nas escalas, arpegios e coloraturas. Superación de 1/3 do repertorio correspondente o curso. Traballo vocal e escénico.

### 2ºTRIMESTRE:

- Dominio das cualidades expresivas da voz aplicadas á interpretación e práctica de lectura a primeira vista.
- Superación de 2/3 do repertorio correspondente ó curso. Traballo vocal e escénico.

### 3º TRIMESTRE:

- Flexibilidade da voz en tódala súa extensión.
- Homoxeneidade de textura e cor, equilibrio de armónicos e manexo expresivo.
- Superación do total do repertorio correspondente ó curso.



## □ Procedementos e ferramentas de avaliación

- Unha avaliación inicial ou de "diagnóstico" ao comezar o curso, coa que o profesor poderá avaliar o punto de partida a principios do curso. Este proceso comprenderá as accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.

Dita avaliación inicial, que será recollida no caderno do profesor, e será realizada durante a primeira clase do curso, farase en torno aos seguintes items: Afinación, Relaxación e postura, Actitude e interese fronte a materia

